

Veciñanza propón darlle continuidade ás mobilizacións en defensa da atención sanitaria en Cuntis ante a pasividade do Alcalde

Veciñanza esixiralle ao Alcalde de Cuntis que a mobilización do pasado mes en defensa dunha atención sanitaria digna teña continuidade. Ata o de agora, o Conselleiro ignora a solicitude de reunión da Corporación de Cuntis e o Goberno Local mantén unha pasividade que non se corresponde coa resposta veciñal.

Cuntis, 24 de maio de 2018. As carencias na atención sanitaria que a o SERGAS presta no Centro de Saúde de Cuntis seguen a ser motivo de indignación entre os usuarios/as do noso municipio. Logo que os catro grupos convocamos conxuntamente unha concentración veciñal o pasado 16 de abril que obtivo unha magnífica resposta veciñal, que foi secundada moi satisfactoriamente, nada se volveu saber.

Xa naquel momento, Veciñanza trasladara ao Grupo de Goberno a necesidade de darlle continuidade ás mobilizacións. Entendemos que é o Alcalde quen debe liderar unha reivindicación que conta co respaldo unánime tanto de veciños/as coma de forzas políticas. O voceiro municipal de Veciñanza, Santi Martínez, solicitáralle ao Alcalde de Cuntis a convocatoria dunha xunta de voceiros para acordar a maneira de responder á vista do gran apoio popular co que contara a iniciativa.

Nin xunta de voceiros nin reunión de ningún outro tipo dos catro grupos políticos. O Conselleiro de Sanidade segue sen atender a solicitude do Concello de Cuntis nun acto de soberbia e falta de respecto institucional sen precedentes. Veciñanza sostén que é necesario seguir coas mobilizacións pero o Bipartito de Cuntis mantén unha pasividade realmente inexplicable.

No próximo pleno, Veciñanza volverá solicitarlle ao Alcalde de Cuntis que, ante a actitude impresentable do Conselleiro de Sanidade ignorando ao conxunto da Corporación Municipal, a mobilización de abril teña continuidade. A resposta veciñal e o esforzo de moitos/as veciños/as por asistiren debe ser recollido polos representantes públicos da Corporación, e o Alcalde non está sabendo liderar esta situación.

